

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE XULLO DE 2012

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e seis de xullo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión a Letrada Asesora, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, en substitución do Secretario Xeral do Pleno, e a Interventora Xeral Municipal en funcións dona Elva Anido Anido, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 18 de xullo de 2012.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase conceder as seguintes licenzas: para demolición de edificación e peche de soar, sito na rúa Armórica, número 170; para demolición de edificación sita en San Lázaro, número 20; para construción dunha nave sen uso definido no parque empresarial As Gándaras, parcela 04.1, vía A; para legalización de planta cuarta e instalación de ascensor no edificio con licenza número 721/83, sito en solo urbano, na rúa Camiño de Pipín, número 11; para cambio de uso de planta baixa de comercial a garaxe en grao primeiro no edificio con licenza número 76/1993, sito na rúa Evaristo Correa Calderón, número 66; para acondicionamento de muro de peche con contención de terras no CEIP de Casás e IES Leiras Pulpeiro en solo urbano na rúa Orquídea, números 61-63; para instalación de ascensor no edificio sito en solo urbano na rúa Cedrón del Valle, números 3-5; para modificación da licenza número 34/12 de construción de nave industrial para uso comercial, consistente na modificación da urbanización exterior e distribución interior, sita no parque empresarial As Gándaras, parcela R, rúa A esquina rúa E; e para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar illada e restaurante no núcleo rural Pedrouzón-Seivane-Curutelo, parroquia de Tirimol.

2. PLANEAMENTO.- Acórdase a execución da sentenza número 453/2012, do 3 de maio de 2012, ditada pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na que se estiman parcialmente os recursos de apelación interpostos contra a sentenza número 317/10, do 13 de decembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Lugo, en relación coa solicitude da "Asociación Cultural na Defensa do Parque

ACTAS E GOBERNO

ASM/mbfc

Refª: 12extractoxg30.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-7-2012

Rosalía de Castro e o seu entorno”, interesando a revisión de oficio do acordo plenario do 02-05-05, de aprobación definitiva do estudo de detalle para a ordenación de volumes na ronda da República Arxentina, número 8, e dos acordos da Xunta de Goberno Local, do 16-11-05 e 04-07-07, de outorgamento de licenzas de obras no devandito terreo.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto, e a apertura do procedemento de adxudicación para a contratación dunha entidade que xestione un programa de formación e deseñe un portal empresarial para a Praza de Abastos e Mercado Municipal de Quiroga Ballesteros cofinanciadas nun 80% pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (PO FEDER Galicia 2007-2013). Proxecto 12UR2001 URBAN formación ocupacional comercio e Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de Abastos.

Acórdase a imposición de penalidades por incumprimento do prazo total de execución das obras de construción dun edificio dotacional destinado á Policía Local e Protección Civil.

Tamén se acorda a desistencia do procedemento para a contratación da subministración mediante lotes dun camión con cisterna de emulsión asfáltica e dun vehículo radio patrulla para a Policía Local mediante alugamento financeiro (operación de leasing), así como a aprobación do prego de prescricións técnicas e aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto, e a apertura de novo procedemento de licitación.

Lugo, 26 de xullo de 2012
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Doposo García